

## **RESUMO DO PROGRAMA**

No ano 2012, e tras 13 anos sen actividade, renacen en Santiago de Compostela as Xornadas de Música Contemporánea. Este ano celébrase a terceira edición desta segunda etapa. A encargada de inaugurar as xornadas coa estrea dunha nova obra de Mauro Montalbetti é a orquestra compostelá Real Filharmonía, que nos seus dous contrastados programas dirixidos por Jonathan Webb e Christoph König alterna obras de grandes clásicos e sinaladas figuras do século XX como Beethoven e Haydn ou Carter e Schoenberg. Diego García Rodríguez, novo e emprendedor director galego que fixo da música contemporánea un dos sólidos piares da súa prometedora carreira, estará á fronte da coruñesa Sinfónica de Galicia nun variado programa no que Galicia e Polonia comparten protagonismo e que inclúe a recuperación dunha composición do brigantino Carlos López García-Picos, a primeira interpretación en Galicia dunha nova obra de Tomás Marco inspirada no Códice Calixtino e cadansúa obra de dous grandes nomes polacos da composición do século XX, Penderecki e Lutoslawski.

O de Mario Montalbetti será a primeira das oito estreas absolutas (fundamentalmente froito dos encargos do CNDM) destas xornadas na que por primeira vez se escoitarán novas composicións de Antón García Abril, Oliver Rappoport, David Figols, Lula Romero, Ramón Souto e Germán Alonso. Os variados escenarios espaxados por toda a cidade (teatros, igrexas, auditorios, museos e outros espazos singulares) acollerán ademais numerosas estreas en Galicia e en España (como a significada primeira interpretación no noso país de *Freude*, composición para dúas arpas e electrónica de Karlheinz Stockhausen a cargo das arpistas Frédérique Cambreling e Bleuenn Le Fric). Experiencia e categoría atesouran dúas agrupacións de cámara como o Wiener Klaviertrio e o Cuarteto Vogler, con 20 e 30 anos de sólida traxectoria respectivamente, que se presentan por primeira vez en Galicia con variados programas que alternan autores españois e internacionais. A mezzosoprano irlandesa Zandra McMaster acompaña ao cuarteto berlinés na estrea de tres cantigas do aragonés Antón García Abril. A rica oferta de cámara a completa o dúo de novos talentos formado pola madrileña Leticia Moreno e o francés Bertrand Chamayou, que inclúen no programa a estrea dunha nova obra para violín e piano do malagueño Oliver Rappoport. Nos últimos anos un nutrido grupo de músicos galegos apostou pola creación actual, e exemplo da calidade e compromiso destes conxuntos é Vertixe Sonora Ensemble, que propón a catro novos compositores españois a inspiración na figura do Greco para a creación de catro novas obras que servirán unha ponte de conexión entre pintura e música. A Banda Municipal de Música de Santiago achega un programa dedicado a compositores dos séculos XX e XXI que escribiron obras específicas para orquestra de ventos que inclúe unha estrea do compositor valenciano Juan Alborch.

A música contemporánea achegarase á rúa o sábado 4 de outubro nunha xornada especial chea de música que comeza e remata na histórica Praza das Pratarías compostelá: comezando pola mañá coa interpretación dunha obra representativa do minimalismo de Terry Riley a cargo do Ensemble IXOR e rematando, á chegada da noite, cunha singular, variada e escenográfica proposta na que participan unha representativa parte dunha activa e decidida xeración de músicos e agrupacións que

---

**COMPOSTELA CAPITAL CULTURAL.** Comunicación

Auditorio de Galicia. Avenida do Burgo das Nacións, s/n C.P. 15705. Teléfonos 981552290/618948576

Correo electrónico: comunicacion@auditoriodegalicia.org FB: compostelacapitalcultural TW: CCultura

Web: [www.compostelacapitalcultural.org](http://www.compostelacapitalcultural.org) / [www.auditoriodegalicia.org](http://www.auditoriodegalicia.org)

dende Galicia miman a difusión da música actual. Durante a tarde a acción trasládase ao Centro Galego de Arte Contemporánea para unha nova intervención dos mozos compoñentes do Ensemble IXOR e unha viaxe ao tradicional e innovador afastado Oriente conducidos polo piano Elisa Vázquez Doval.

OFF\_Contemporánea engloba as propostas máis alternativas das Xornadas: outras músicas, outras visións, outros espazos... A música contemporánea, o jazz e a improvisación libre danse a man en estrea dos novos proxectos de dous talentosos músicos como o pianista ferrolán Pablo Seoane (que presenta o seu novo pablo\_seoane\_trem e un programa de improvisación inspirado en Francesco d'Assisi, de cuxa peregrinación a Compostela se conmemora este ano o oitavo centenario) e do cubano, afincado en Galicia, Alejandro Vargas. Zoar Electric, quinteto de vento, únese ao premiado beatboxer Lytos para achegarnos os beats dalgúns dos creadores de electrónica máis representativos da actualidade. E na atmosfera do cabaré de principios do século XX inspírase outra agrupación transcendental da escena galega actual, o Taller Atlántico Contemporáneo, para pechar esta edición das Xornadas na Sala Capitol.

E por último e non por iso menos importante, o apartado didáctico dunhas xornadas que coidan especialmente o fundamental achegamento aos máis novos a música contemporánea e a creación actual, a través de catro variadas propostas en forma de concertos para nenos, novos e familiares. O quinteto de vento Zoar Ensemble e o pianista Nicasio Gradaille, utilizando como vehículo a música de György Ligeti, mostrarán dunha forma amena os piares básicos da composición contemporánea. Con similares fins divulgativos, a Orquestra do Espazo de Cámara da Universidade de Santiago que dirixe Mario Diz toma como base a música experimental no deseño un programa participativo titulado Experimenta coa música. Outra proposta participativa é a CactusWorkestra, instalación sonora do artista plástico e musical portugués João Ricardo de Barros Oliveira que estará durante todo un fin de semana no CGAC. As Xornadas acollen tamén a interesante estrea de George's Odissey, unha creación videográfica de Ana de Alvear para a que once compositores escribiron outras tantas pezas orixinais que interpreta en directo o Trío Arbós.

Como resumo do calendario das actividades:

inauguración

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA / SERGEI YEROKHIN piano / JONATHAN WEBB director

Auditorio de Galicia / venres 3 outubro / 21.00 h

unha xornada contemporánea... *aperitivo minimalista e unha velada [didáctica] coas vangardas*

sábado 4 outubro

13.00 Praza das Praterías / Museo da Cidade

*piano X-perience*

Ensemble IXOR piano a 8 mans

---

**COMPOSTELA CAPITAL CULTURAL.** Comunicación

Auditorio de Galicia. Avenida do Burgo das Nacións, s/n C.P. 15705. Teléfonos 981552290/618948576

Correo electrónico: comunicacion@auditoriodegalicia.org FB: compostelacapitalcultural TW: CCultura

Web: [www.compostelacapitalcultural.org](http://www.compostelacapitalcultural.org) / [www.auditoriodegalicia.org](http://www.auditoriodegalicia.org)

18.30 CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea  
*Escenas\_ combinacións para saxofóns, piano e electrónica*  
Ensemble IXOR piano a 8 mans, saxofóns, electrónica

20.00 CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea  
*Asia contemporánea, China\_Xapón\_Corea* ELISA VÁZQUEZ DOVAL piano

21.30 Praza das Praterías / Casa do Cabido / Museo da Cidade  
PABLO COELLO saxofóns / ALEJANDRO VARGAS piano / ZOAR ENSEMBLE  
quinteto de vento  
PABLO SEOANE piano / BLEUENN LE FRIEC arpa / ELISA VÁZQUEZ DOVAL  
piano  
VERTIXE SONORA ENSEMBLE / TAC Taller Atlántico Contemporáneo  
NICASIO GRADAILLE e DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ toy piano / LUIS SOTO  
fauta  
JOSÉ VICENTE FAUS percusión

*WindBox*

LYTOS beatbox

ZOAR ELECTRIC quinteto de vento

CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea

domingo 5 outubro

20.00

---

**COMPOSTELA CAPITAL CULTURAL.** Comunicación

Auditorio de Galicia. Avenida do Burgo das Nacións, s/n C.P. 15705. Teléfonos 981552290/618948576

Correo electrónico: [comunicacion@auditoriodegalicia.org](mailto:comunicacion@auditoriodegalicia.org) FB: [compostelacapitalcultural](https://www.facebook.com/compostelacapitalcultural) TW: [CCultura](https://twitter.com/CCultura)

Web: [www.compostelacapitalcultural.org](http://www.compostelacapitalcultural.org) / [www.auditoriodegalicia.org](http://www.auditoriodegalicia.org)